



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

ARTE NA ACRÓPOLE DE MONTERREI

BASES

I CERTAME DE PINTURA E DEBUXO RÁPID@

DESCRICIÓN

O día 23 de xuño, sábado, terá lugar no contorno da Fortaleza de Monterrei o primeiro certame de pintura rápida ao ar libre, que organiza o Concello de Monterrei. Este certame realízase no marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, dentro do seu programa de actividades para a xuventude 2018.

1. Premios. 925 €

Establécense os seguintes premios:

- Lenzo

- Primeiro premio: 400 €

- Segundo premio: 200 €

- Terceiro premio: 100 €

- Debuxo Rápido

- Primeiro premio: 100 €

- Segundo premio: 75 €

- Terceiro premio: 50 €

As obras premiadas pasarán a ser propiedade da organización, así como o dereito á súa reprodución, exposición ou calquera outro uso que delas desexe facer a organización.

* No momento de publicación destas bases, a organización non descartará a inclusión doutros premios. Os premios estará suxeitos á retención do IRPF que corresponda.

2. Participantes

Poderán presentarse ao certame os artistas maiores de 16 anos profesionais ou afeccionados/as que presenten a súa solicitude dentro do prazo habilitado por estas bases.

Admitirase unha soa obra por concursante.

3. Técnica e temática



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

O tema obrigado será o contorno paisaxístico e monumental da Fortaleza de Monterrei. Con distribución libre polo contorno dos pintores e espazo específico para os debuxantes.

Os estilos e técnicas para lenzo serán acrílico e óleo e para debuxo rápido, o carbón.

4. Soporte

A organización entregará a cada participante o soporte (lenzo ou papel) segundo a modalidade de participación.

Deberá ser lenzo sobre bastidor ou papel sobre taboleiro de madeira ou calquera outro soporte utilizable para a obra. A medida do lenzo que entregará a organización será de 65 x50.

5. Inscripción e información

A data de inscrición será dende a publicación destas bases ata o día 17 de xuño.

As inscricións efectuaranse na Oficina de Turismo de Monterrei, con enderezo no Paseo das Damas, s/n (32618) Monterrei, e co teléfono de información 988361360, ou vía email, para o que se cubrirá a ficha anexa a estas bases. Esta inscrición quedará validada unha vez que sexa entregada ou enviada por correo electrónico ao enderezo turismomonterrei@gmail.com, achegando o ingreso do importe da inscrición que corresponda.

Establécese unha cota de inscrición, mediante o ingreso e posterior envío ou entrega do xustificante, onde para o certame de pintura rápida será de 15,00 € e para o certame de debuxo rápido, de 5,00 €. O número de conta para o ingreso é:

ES16 0182 6221 6902 0150 0560

Indicarase como concepto: certame de pintura e debuxo rápido@ Monterrei 2018.

6. Presentación

As persoas participantes presentaranse o sábado 23 de xuño, a partir das 11.00 h ata as 11.30 h, no control instalado no Hospital de Peregrinos de Monterrei, para o selado dos soportes e entrega da acreditación para a posterior entrega da comida aos participantes no concurso de pintura en lenzo.

7. Entrega de obras e pronunciamento do xurado

- Debuxo

Os participantes darán por finalizado o concurso ás 13.00 h.

- Pintura

Os participantes darán por finalizado o concurso ás 18.00 h.



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

Solicítase, para facilitar o pronunciamento do xurado, que cada participante preste o seu caballete para o momento da deliberación. Este devolveráselle ao finalizar.

O xurado resolverá, tanto para o concurso de debuxo como de pintura rápidos ás 19.00 h do mesmo día 23 de xuño, no patio de armas do Castelo de Monterrei.

8. Xurado

O xurado estará composto por persoas cualificadas e profesionais do mundo do arte e a súa decisión será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se as obras non acadan unha calidade suficiente segundo o seu criterio.

9. Obras

As obras presentaranse sen asinar. O soporte entregado levará un código de inscrición que corresponderá a cada participante.

10. Data e lugar de exposición

A exposición de todas as obras iniciárase no mes de xuño e rematará no mes de setembro, en horario de funcionamento do Hospital de Peregrinos.

As persoas participantes interesadas establecerán un prezo de venda para as obras non premiadas co obxecto de que poidan ser adquiridas polos visitantes.

10. Organización

A organización non se responsabilizará dos danos e perdas que puidesen sufrir as obras, que estarán coidadas e protexidas en todo momento.

A sinatura da solicitude de participación supón unha declaración de coñecemento das bases e o compromiso de cumprimento delas. A solicitude deberá acompañarse dunha fotocopia do DNI da persoa solicitante.

Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento).

12. Devolución das obras non premiadas

As obras non premiadas poderán retirarse unha vez finalizada a exposición, sempre previa solicitude e concertando unha cita no 988361360. Para iso o/a creador/a mostrará unha identificación persoal e asinará a orde de retirada da obra a través de instancia.

Os autores e autoras poderán delegar a recollida noutra persoa, que deberá estar autorizada por escrito, e achegar xunto co seu DNI unha copia do DNI ou pasaporte da persoa que creou a obra.



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

No caso de non ser retiradas no prazo indicado, pasarán a ser propiedade do Concello de Monterrei, en aplicación do artigo 609 do Código Civil e preceptos concordantes, ao ter mediado título de adquisición, por aceptación das bases polas persoas participantes, e terse perfeccionado o modo a través da traditio ou entrega do ben polos autores.

Notas:

Se o día 23 de xuño non fose posible a celebración por causas meteorolóxicas, a organización determinará outra data que será comunicada a todos os participantes mediante a publicación de noticia ou os medios necesarios.

A organización resérvase o dereito de modificar e ampliar calquera dos puntos destas bases, así como resolver as circunstancias non contempladas que se producisen durante o desenvolvemento da actividade.



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

I CERTAME DE PINTURA E DEBUXO RÁPID@

Número de incrición:

FICHA DE INSCRICIÓN:

Nome:

Apelidos:

DNI:

Enderezo:

CP:

Poboación:

Provincia:

Teléfono:

Email:

MODALIDADE DE CONCURSO (sinalar unha das dúas modalidades):

Debuxo rápido

Pintura

Sinatura (*) e data:

* Se a inscrición é vía email, asinarase o día do certame.

A participación neste certame implica a aceptación das súas bases.